

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE OURENSE PARA DESENVOLVER UN PLAN INTEGRAL DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL DO VINTEÚN (AS COIÑAS)

En Santiago de Compostela, a 6 de abril do 2017

REUNIDOS

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde López, nomeado polo Decreto 148/2016, de 13 de novembro, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

E o alcalde presidente do Concello de Ourense, Jesús Vázquez Abad, elixido na sesión constitutiva da corporación municipal de data 13 de xuño de 2015, en nome e representación da dita entidade local, actuando en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e e 61.1a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten atribuídas competencias en materia de promoción do desenvolvemento e execución de actuacións de modernización e dotación de servizos avanzados no solo empresarial, segundo o recollido no Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería.

II.- Que no Concello de Ourense existe a necesidade de contar cun solo industrial que dispoña dunha maior dotación de infraestruturas que fagan ás empresas

asentadas no polígono máis competitivas e seguras, garantindo igualmente a seguridade dos seus traballadores e dos visitantes das mesmas.

III.- Que no polígono industrial do Vinteún (As Coiñas) existe unha demanda da asociación de Empresarios do polígono consistente na necesidade de realizar unha serie de investimentos para solucionar problemas importantes como poden ser a coexistencia de peóns e camións de gran tonelaxe nas vías, ausencia de beirarrúas e vexetación invadindo as rúas.

IV.- Que a Xunta de Galicia ten interese e considera unha prioridade o desenvolvemento dun Plan Integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas).

V.- Que como consecuencia delo, a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Ourense asinaron, o 9 de setembro de 2016, un protocolo de colaboración para desenvolver un Plan Integral de mellora das infraestruturas do dito polígono.

VI.- Que os asinantes do protocolo acordaron nel levar a cabo de forma coordinada e en colaboración, o estudo das distintas opcións para dar viabilidade ao Plan Integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas), comprometéndose a Consellería a analizar distintas alternativas para fomentar e impulsar o desenvolvemento das fases iniciais do plan de mellora, e o Concello ao estudo, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono Industrial do Vinteún, das actuacións necesarias para o desenvolvemento do plan.

VII.- Que tras os estudos e análises referidos no punto VI, as partes reunidas consideran esencial o establecemento de actuacións conxuntas, que permitan o desenvolvemento dun Plan Integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas), a través dun convenio de colaboración, ao abeiro dos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

VIII.- Con anterioridade á sinatura do presente convenio, o Concello de Ourense acreditará estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ao fronte da Seguridade Social e de non ter pendente pagamento de ningunha outra débeda coa

Administración pública da Comunidade Autónoma, para o que poderá presentar unha declaración responsable consonte ao artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se proba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

E, en virtude de todo o exposto, as partes, que mutuamente se recoñecen capacidade para comprometerse, sométense ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e o Concello de Ourense, que permitan o desenvolvemento dun Plan Integral de mellora das infraestruturas do Polígono Industrial do Vinteún (As Coiñas).

SEGUNDA.- A través deste convenio, instruméntase a concesión directa dunha subvención pública a favor do Concello de Ourense, segundo o disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, polo que a este convenio lle de aplicación o disposto na devandita Lei.

TERCEIRA.- Así segundo o disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, as deficiencias nas infraestruturas do polígono industrial do Vinteún (As Coiñas), referente industrial da provincia de Ourense, están a xerar importantes problemas de carácter económico ao impedir a adecuada implantación e expansión de empresas nel, e dificultar a actividade das xa implantadas, e problemas de carácter social debido ás carencias en seguridade tanto para os traballadores das empresas implantadas como para as persoas que o visitan.

Tendo en conta o interese xeral das actuacións incluídas no convenio e o seu carácter singular, dada a existencia dun protocolo de colaboración para desenvolver un Plan Integral de mellora das infraestruturas do polígono asinado o 9 de setembro de 2016 entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Ourense e, xa que logo, a imposibilidade de promover a concorrência pública.

CUARTA.- O Concello de Ourense, como responsable do proxecto, comprométese a desenvolver as actuacións pertinentes para levar a cabo a súa completa execución, obtendo todos os permisos e licencias que se precisen.

QUINTA.- As obras amparadas por este convenio serán subvencionadas pola Xunta de Galicia, que aportará a cantidade de 700.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.732A.760.2 “Convenio co concello de Ourense. Plan integral infraestruturas no polígono industrial As Coíñas” dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Esta axuda imputarase á aplicación orzamentaria indicada, de conformidade co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no que se establece a tramitación anticipada de expedientes de gasto, condicionando a concesión desta axuda á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da sinatura do convenio.

O orzamento global da inversión para a realización das actuacións elévase a 700.000,00 €, que se corresponde, segundo se recolle na memoria que se incorpora como anexo, cas seguintes partidas:

- Explanación: 23.038,40 €
- Melloras no Abastecemento: 172.788,00 €
- Melloras no Saneamento: 158.389,00 €
- Melloras na Pavimentación: 137.325,94 €
- Melloras na Sinalización: 5.759,60 €
- Melloras na Rede de Gas Natural: 27.358,10 €
- Melloras na Rede do operador “R”: 5.759,60 €
- Melloras na Rede do operador “Telefónica”: 11.519,20 €
- Melloras no Alumeado exterior: 129.591,00 €
- Seguridade e Saúde: 6.911,52 €
- Control de Calidade: 9.091,54 €
- Xestión de Residuos: 12.468,10 €

Unha vez realizadas e executadas as actuacións, no caso de que a inversión realizada teña un coste inferior ó inicialmente previsto no orzamento anterior, e sempre que iso non supoña unha realización deficiente do proxecto, a axuda reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe da axuda respecto ó investimento, sendo o importe máximo da axuda o 100% da inversión recollida neste convenio.

SEXTA.- En canto aos custos subvencionables, estes son os gastos e investimentos materiais relativas ás actuacións sinaladas na cláusula anterior.

Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente do Concello de Ourense, que estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagos realizados nun prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do beneficiario de cada un dos abonos da subvención concedida.

Non obstante, no caso de realizarse pagos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado polo Concello de Ourense con anterioridade á finalización do período de xustificación.

As inversións indicadas deberán manterse operativas durante un mínimo de cinco anos.

En todo caso serán elixibles os custos incorridos dende a data de sinatura do presente convenio ata a de xustificación que poidan considerarse dentro do obxecto deste.

SÉTIMA.- A data límite de xustificación das actuacións será o 1 de decembro de 2017, para o que o Concello de Ourense deberá presentar a seguinte documentación acreditativa:

1.- Certificación expedida pola Secretaría do Concello de Ourense, co visto e prace do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- a) O cumprimento da finalidade da subvención
- b) Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data do recoñecemento da obriga polo órgano competente.

2.- Orixinal ou copia cotexada da certificación da obra realizada e das facturas das actuacións realizadas así como xustificante de pago das mesmas mediante transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio e a data límite da xustificación. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo así como os xustificantes

obtidos a través de Internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

3.- De ser o caso, orixinal ou copia cotexada dos tres orzamentos que se exigen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público para o contrato menor).

4.- Certificado da secretaría ou intervención onde se sinala que o IVE subvencionado non é recuperable por parte do concello beneficiario.

5.- Informe técnico no que se describa a realización total do proxecto ou actuación e os datos e incidencias máis significativas na súa execución, asinado por técnico municipal.

6.- Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución destinadas ao financiamento do mesmo proxecto, das distintas administracións públicas, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, indicando a súa contía.

7.- Declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

OITAVA.- A documentación xustificativa presentarase ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria para análise, comprobación e pago, se procede, tras a certificación dos servizos técnicos da Consellería, sen prexuízo do establecido no artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O concello conservará a documentación durante un período de cinco anos dende a data de finalización da vixencia do convenio.

A efectos de xustificación consideraranse válidos todos os pagos realizados dende a data de sinatura do convenio ata a de xustificación que poidan considerarse dentro do obxecto do presente convenio.

NOVENA.- A vixencia do presente convenio esténdese dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017. Porén, e sempre que medien causas que o xustifiquen poderase prorrogar, por acordo expreso das partes formalizado a través da correspondente addenda para prorrogar o presente convenio con carácter previo á súa finalización, ata a completa realización das actuacións descritas.

DÉCIMA.- Os pagamentos poderán realizarse do seguinte xeito:

1. Pagamentos anticipados: os pagamentos anticipados suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei, e no artigo 6 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, quedando suxeitos ás seguintes condicións:

- a) Poderase anticipar ata o 25% do importe da subvención concedida.
- b) O beneficiario deste Convenio, o Concello de Ourense, quedará exonerado da constitución de garantía, segundo o disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Pagamentos fraccionados: os pagamentos fraccionados responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada. Estes pagamentos deberán ser solicitados polo beneficiario, de ser o caso, unha vez que sexa asinado e que xa estea en vigor o presente Convenio, de acordo co establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 63, 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita lei. Así mesmo, o beneficiario deste Convenio, o Concello de Ourense, quedará exonerado da constitución de garantía, segundo o disposto no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concederan non poderán ser superiores ao 80% do porcentaxe subvencionado correspondente aos pagos xustificandos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Ao presente convenio de colaboración seralle de aplicación a Lei estatal 38/2003 de subvencións, o Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo que a desenvolve, así como a Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve e o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

DÉCIMO SEGUNDA.- O beneficiario terá as seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
 - b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
 - c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
 - d) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.
- Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Garantir o cumprimento da normativa de axudas de Estado no que atinxe ao destino que se lles dea ás infraestruturas obxecto das subvencións.
 - g) Subministrar toda a información necesaria para que a Consellería poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita lei.
 - h) Acreditar ter cumprido o deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada execicio.

DÉCIMO TERCEIRA.- Para a interpretación, seguimento e control da execución do presente Convenio crearase unha Comisión de Seguimento integrada por un representante de cada unha das entidades asinantes.

As funcións desta comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as dúas partes asinantes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta de Seguimento e Control. No seu caso, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo.

DÉCIMO CUARTA.- O Concello de Ourense poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de finalización do prazo de realización da actividade.

A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, se respecte o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitando actuacións deficientes e incompletas.

Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concurrir no momento en que asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade a elo.

Xunto coa solicitude, a entidade deberá presentar:

- a) Memoria xustificativa, na que ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo do convenio.
- b) Orzamento e proxecto ou memoria modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

DÉCIMO QUINTA.- Ademais das xerais, contempladas no Título II de la Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, en relación co reintegro da subvención, tamén son causas de resolución do presente Convenio de Colaboración as seguintes:

- a) As desviacións de fondos aportados para outro fin distinto do que motivou o Convenio de Colaboración.
- b) A falta de xustificación do emprego das contías recibidas.

c) O incumprimento total ou parcial das cláusulas establecidas no mesmo.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

DÉCIMO SEXTA.- Segundo o disposto no artigo 17 da Lei 9/2007, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas, ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo elixible da actividade a desenvolver polo beneficiario, conforme aos artigos 14 p) e 26 da Lei 9/2007.

As axudas concedidas en virtude do presente Convenio serán compatibles con outras axudas para o mesmo fin, sempre e cando se cumpra co establecido no parágrafo anterior.

DÉCIMO SÉTIMA.- Permítese a subcontratación total ou parcial ata o 100% das actuacións subvencionadas, estando suxeita ao disposto no artigo 27 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e ao disposto no artigo 43 do Decreto 11/2009, do 29 de xaneiro de 2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, sen prexuízo de que, no caso de que o concello precise da contratación externa de determinados traballos incluídos no proxecto subvencionado, debe estarse ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

DÉCIMO OITAVA.- O Concello de Ourense consinte expresamente a inclusión dos datos relevantes do presente convenio no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 125/2006, do 20 de xullo.

DÉCIMO NOVENA.- O Concello de Ourense autoriza expresamente a publicación dos datos persoais que consten no presente convenio, e no resto de especificacións contidas no mesmo, no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

VIXÉSIMA.- No caso de cesión de datos, cumpríranse as exixencias do artigo 12 da Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Trátase dun convenio administrativo de colaboración, e como tal excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por RDL 3/2011, do 14 de novembro, (artigo 4.1.c do TRLCSP), de calquera xeito observaranse os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Supeditación do convenio aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Tal e como establece o punto 4 do artigo 31 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios suscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O presente Convenio de Colaboración terá natureza administrativa e corresponderá ao Conselleiro de Economía, Emprego e Industria resolver as dúbidas que formule a súa interpretación, logo de audiencia da outra parte, e á xurisdición contencioso - administrativo o coñecemento dos litixios que do mesmo poidan derivarse.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e data up supra.

O Conselleiro de Economía,
Emprego e Industria

O Alcalde Presidente do Concello
de Ourense

Francisco Conde López

Jesús Vázquez Abad